



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA DEZ DE DECEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Roberto García Pernas.

Concelleiros:.

D. José Prieto Barro.
D. Luis A. Vilasuso Seco
D.Carlos Alberto Guerra González.
D^a Tamara Paz Balsa.
D. Tomás Rodríguez Arias.
D.Antonio Riveira Requeijo
D.Mario Felix García Prieto
Dna. Isabel Campello Ares.
D. Óscar González Pardo
Dna. María do Mar Hermida Pico

Secretaria- Interventora:

Dna. Ana Elena Fernández del Valle .

No salón de sesións da Casa do Concello de Xermade, sendo as vinte horas do día dez de decembro de dous mil quince, xúntanse, en cumprimento do disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral e art. 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por RD 2568/86 de 28 de novembro, en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros/as electos/as relacionados/as na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora do Concello Dona Ana Elena Fernández del Valle.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Sr.Alcalde pregúntalles aos señores concelleiros se desexan realizar algunha observación sobre o borrador da acta da sesión anterior de carácter extraordinario, de data 25 de novembro de 2015. Non se formulan observacións polo que a acta resulta aprobada por unanimidade.

2.-INFORMES, RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

GOBERNO LOCAL.

1º. De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da Alcaldía ditadas entre os días cinco (5) de outubro ata o tres (3) de decembro de 2015 (nº 382 ó 436 incluídos).

O voceiro do PP, D. Tomás Rodríguez Arias pregunta polo Decreto 384/2015 que non ten contido. O Alcalde di que no vindeiro pleno respostará .

A Corporación dáse por enterada.

2º. Coñecidas polos asistentes a través de copias remitidas dáse conta da seguinte acta da sesión da Xunta de Goberno Local: acta da sesión ordinaria de cinco (5) de novembro de 2015.

A Corporación dáse por enterada.

3º. Por parte da Secretaría-Intervención do Concello ponse en coñecemento do Pleno:

- En data 7 de outubro de 2015, remitiuse a través da Oficina Virtual das Entidades Locais, a información relativa á execución do orzamento relativa ó terceiro trimestre do exercicio.

A Corporación dáse por enterada.

- En data 27 de outubro de 2015, remitiuse a través da Oficina Virtual das Entidades Locais, a información relativa ó Coste Efectivo dos Servizos segundo os datos obtidos da liquidación do orzamento 2014.

A Corporación dáse por enterada.

3.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL 2016.

Dáse conta da seguinte Proposta de Alcaldía :

PROPOSTA DA ALCALDIA Ó PLENO PARA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE XERMADE 2016

Visto o expediente tramitado de Orzamento municipal para o exercicio 2016 do Concello de Xermade ,

**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

esta Alcaldía propón que o Pleno municipal adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2016 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ambos estados á cantidade de **1.546.830,89 € (UN MILLÓN QUIÑENTOS CORENTA E SEIS MIL OITOCENTOS TRINTA EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS)**, así coma toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

ORZAMENTO DE GASTOS 2016	ORZAMENTO DE INGRESOS 2016
<u>OPERACIÓNS CORRENTES</u>	<u>INGRESOS CORRENTES</u>
CAPITULO 1 312.955,55	CAPITULO 1 448.000,00
CAPITULO 2 1.018.841,92	CAPITULO 2 10.000,00
CAPITULO 3 4.300,00	CAPITULO 3 191.900,00
CAPITULO 4 40.550,00	CAPITULO 4 813.510,73
-----	CAPITULO 5 1.100,00
Total Gastos Correntes: 1.376.646,88	Total Ingresos Correntes: 1.464.510,73
<u>OPERACIONES CAPITAL</u>	<u>INGRESOS DE CAPITAL</u>
CAPITULO 6 160.538,41	CAPITULO 6 -----
CAPITULO 7 -----	CAPITULO 7 82.320,16 €
CAPITULO 8 -----	CAPITULO 8 -----
CAPITULO 9 9.645,60 €	CAPITULO 9 -----
Total Gastos Capital: 170.184,01 €	Total Ingresos Capital: 82.320,16 €
TOTAL GASTOS: 1.546.830,89 €	TOTAL INGRESOS: 1.546.830,89 €

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2016, tal e como son presentadas.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

TERCEIRO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2016 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de se-lo caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

CUARTO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

QUINTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉXTO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

Xermade, 30 de novembro de 2015. O Alcalde.- Asdo.-Roberto García Pernas.

O Alcalde di que se lles facilitou a documentación integrante do orzamento municipal para o 2016, e procede a facer un resumo do estado de gastos e ingresos por capítulos, ascendendo en total a 1.546.830,89 euros, sendo inferior ó do ano anterior. A continuación detalla o anexo de inversións previstas, facendo referencia as inversións para a construción de nichos, adquisición de terreos para mellorar as traídas de auga, inversións en pequenas obras, inversións en equipamentos deportivos, bibliotecarios; o POS (coa mesma contía que o ano anterior), que irá destinado a varias pistas do municipio: Uzal (Lousada) e Loimil (Xermade). Non se recolle nin o PDR, xa que non se sabe cando vai sair nin outras subvencións da Deputación. En relación co Fondo de Compensación Ambiental, di que a intención é facer dous depósitos de incendios, obras de mellora da rede abastecemento de auga, e se a orde o permite, contratar dous peons por nove meses cun 75% de xornada, e se non é posible, arranxar varias beirarrúas nas parroquias de Momán e Piñeiro.

En canto ó Anexo de persoal, os datos son os mesmos que o ano anterior, figurando a praza de administrativo como vacante xa que non foi amortizada, e a de secretaría



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

vacante , cuberta mediante comisión de servizos.

Do capítulo IV , de transferencias corrente, o alcalde precisa as subvencións que se teñen previsto outorgar. Para asociación veciñais, festas, entroido, nacemento de nenos , educando en familia, invernadas de cine, torneos, etc..

Do estado da débeda, expón que amortización prevista para o 2016 , do préstamo a longo prazo é de 9.645,60 euros.

O Alcalde manifesta, que de conformidade co previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016, os orzamentos recollen un incremento do gasto de persoal do 1% no capítulo I do estado de gastos, que recolle tamén o importe necesario para devolver a parte non devolta da extra suprimida no 2012. O gasto de persoal experimentou unha baixada pola dismución dunha dedicación en relación co ano anterior.

O capítulo II de gasto en bens e servizos aumentou aproximadamente trinta mil euros, para facer fronte as necesidades de créditos e a novos gastos.

O capítulo III de gastos financeiros aumentou 300 euros; o capítulo IV diminuí en 500; e o VI rebaixouse en torno a 105.000 euros, resultando unha diferenza respecto ó orzamento anterior de aproximadamente 86.000 euros.

Por outra banda , e respecto aos ingresos o alcalde destaca o aumento da participación nos tributos do estado, cun aumento aproximado de 27.000 euros, e unha redución das transferencias de capital da comunidade autónoma, sendo o resto de capítulos do orzamento de ingresos practicamente os mesmos que no orzamento anterior, sendo os deste ano inferiores nun 9,42 % aproximadamente. Informa de que o cambio é mínimo xa que levan seis meses de goberno e aínda non coñecen ben as necesidades de créditos dunhas e outras partidas, e que posiblemente cando leven máis dun ano no goberno poderán precisar con máis exactitude os orzamentos.

Aberta a quenda de intervencións, toma a palabra o voceiro do grupo popular, D. Tomás Rodríguez Arias , que procede en primeiro lugar a aclarar que este orzamento é un orzamento novo, e que o equipo de goberno reparte o crédito como quere. Informa de que o PP presentou unha emenda aos orzamentos e que a votación da proposta orzamentaria irá orientada entorno ó tratamento da mesma, xa que no caso de non aceptala o grupo popular votará en conciencia. Di que os orzamentos non detallan as inversións das estradas e as pequenas obras, unicamente amosan información sobre algunhas; No caso do Fondo de Compensación Ambiental, precisa saber cales serán as melloras da traída de auga ,cales serán as melloras que se levarán a cabo, e que vai facer exactamente cos 25.000 euros propostos. Manifesta que hai que ter en conta o tema das subvencións que vai otorgar á Deputación, para bacheos entre outras cousas , que vaise repartir equitativamente entre os concellos da provincia. Na emenda recollense as necesidades que o grupo popular considera imprescindibles, e que son principalmente preocupacións polo tema do abastecemento e depuración de augas. Lembra que o PP cando gobernaba foi facendo depuradoras polas parroquias, e que este ano a intención era facela na parroquia de Momán.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que en relación o tema das traídas de auga hai que



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

coller un manantial e incorporalo á rede, e haberá que facer algún pozo novo. Informa que está falando cos veciños da zona de Roupar con esta finalidade .

Sinala que este orzamento está feito sen contar coas posibles subvencións da Deputación, das que non se ten constancia, polo que se chegan o que se fará é modificar o orzamento, pero insiste en que o que no se pode facer é dar por feito que a Deputación dará subvencións e non consignar fondos propios para traballos como bachear.

O voceiro do BNG manifesta que a proposta orzamentaria é practicamente a mesma que o PP leva presentado os últimos doce anos . Chámalle a atencións que os orzamentos foran tratados nunha xunta de voceiros cando no seu programa electoral o PSOE falaba de orzamentos participativos, e considera que tratar o tema dos orzamentos nas xuntanzas polas parroquias con motivo das charlas informativas do PXOM non foi a mellor vía, e di que ir porta por porta polos clubs de fútbol preguntando polas necesidades amosa un comportamento caciquil. Di tamén que como xa dixo na comisión de voceiros o que pide o BNG é información ; pidiu un plan de obras a facer durante a lexislatura , e reconece que o grupo de goberno algo mandou, pero moi xenérico, practicamente unha declaración de intereses como reparar beirarrúas, construír pontes Parecendo mais ben unha carta aos reis magos.

O Alcalde di que nos seis meses que leva no goberno non pode saber exactamente os gastos , e que o que sí fixo foi aumentar as partidas que necesitan máis crédito e reducir as que teñen remanente.

Respecto aos orzamentos participativos di que o tema de aproveitar as reunións do PXOM para consultar aos veciños sobre as necesidades ao mellor non foi o mellor, e seica precisaban mais información e publicidade . Remata dicindo que ogallá soubera o que van dar nos vindeiros anos , pero non o sabe, e os fondos propios son moi limitados.

Toma a palabra novamente o voceiro do PP quen repite que o orzamento é novo e feito segundo o criterio do equipo de goberno, e defende a emenda presentada polo grupo popular, baseada no proxecto continuista do seu grupo en relación co tema da auga en xeral e coas depuradoras en particular , elaborando cada dous anos unha nova, e que no ano 2016 deberíalle tocar a Momán. Destaca tamén do contido da emenda o tema da captación de auga , informando que hai un proxecto no concello (captación depósito de Trimaz) e que conta coa autorización da Confederación Hidrográfica .

En relación coa inversión prevista para a adquisición do tractor , engade que a maiores do tractor hai que ter un remolque, unha cisterna .. e unha serie de gastos a maiores , e que hai que ter persoal para desenvolver os traballos.

O Alcalde insiste en que está de acordo co tema da preocupación polo tema da auga , en Momán e noutros lugares como Cabreiros ,e coa necesidade de incorporar mais auga , pero considera que ditas obras deben executarse vía subvención e non con fondos propios, xa que se non hai axudas hai que facer traballos como os bacheos con fondos propios . Engade que ademais no caso de Momán a depuradora solicitada beneficia exclusivamente a unha parte dos veciños , e volve a dicir que hai que solicitar subvencións para esas cousas .



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

O voceiro do BNG pide claridade e alternativas nos gastos que poderán ser obxecto de subvención, información detallada sobre a qué destinará o crédito para gastos no caso de que obteñan unha subvención .

A concelleira do grupo nacionalista galego D^a María do Mar Hermida Pico afirma que o que lle sucede ó Alcalde é que levaba oito anos na oposición e nunca tivo interese en saber como ía o concello , e que ó chegar ó goberno debía notarse un cambio e non facer unha política continuista co goberno anterior, algo que quedou claro nos orzamentos que son os mesmos que os de os anos anteriores. Por outra banda, e como xa ten dito noutras ocasións pídlle que deixe de dicir que o BNG non lle deixa gobernar . .

O voceiro do BNG dí , en relación coa emenda do PP dí que hai que ser valentes para deixar ó concello a cero na partida que propón suprimir na mesma , e di que o seu grupo se que ten alternativas as propostas , e mais económicas, por exemplo no tema das depuradoras (e pregunta por qué quedou sen facer a de Momán) di que o que se podería facer é limitar o uso de bombas eléctricas . Manifesta que si as demais depuradoras foron realizadas con cargo á subvencións por qué a de Momán ten que ser pagada con fondos propios. En Momán poderíase implantar un sistema de filtros verdes, utilizando unhas balsas ás que iría a parar o material a depurar, cubertas dunha capa vexetal que evitaría os cheiros; dita capa colaboraría na depuración e descomposición da materia orgánica . Este sistema é mais tradicional e viable , xa que ademais en Momán ó non haber empresas hai que depurar exclusivamente as augas residuais das vivendas.

No tema de Cabreiros , ó voceiro do BNG chámalle a atención que o PP, despois de coller a auga directamente do río ,pense no filtrado, nunha estación depuradora , e propón como alternativa que se aproveite a auga que se perde no depósito de A Pía , e se faga un estudo sobre un posible sistema de pozos de barrena horizontais , o que supón un custo eléctrico menor.

D. Tomás Rodríguez Arias di que este tema da problemática da auga é prioritario, e que considera que o PP traballou bastante neste aspecto, xa que cambiar depuradoras cada dous anos non é non facer nada. Dí que aínda que sexa con subvencións , hai que traballar para pedilas e conseguilas.

O concelleiro do PP D. Antonio Riveira Requeijo, di que a intención de facer a depuradora de Momán xa a tiñan e había un proxecto no concello , que precisamente contemplaba o devandito sistema de filtros verdes como unha opción posible, e di que durante os doce anos anteriores evidentemene non se fixo todo o previsto .

O voceiro do BNG D. Óscar González Pardo manifesta que a inversión inicial, se non hai que comprar terreos , sería mais barata e non habería custos de mantemento.

Na seguinte intervención , o voceiro do grupo popular di que presentou unha emenda , e o Alcalde non o chamou para posibles negociacións dos termos da mesma; o Alcalde responde que non o chamou porque o voceiro do PP dixo que os termos da emenda eran



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

imprescindibles. Polo que respecta as inversións recollidas no anexo de inversións, dí que son máis ou menos as mesmas que levaba no programa electoral .

Sobre o tema da captación de Cabreiros , o Alcalde reconece que o BNG ten razón cando fala do tema da contaminación e os vertidos, e por iso o ideal é traer a auga das montañas , que é pura de todo; e en relación coa proposta do manantial de A Pía , di que estáse falando cos veciños , pero que non se poden facer prospeccións sen o permiso dos titulares ou sen que vendan os terreos necesarios.

Rematadas as intervencións, o Alcalde di que non acepta a emenda do PP por non ser compatible coa proposta de orzamento do grupo de goberno, e polo tanto procédese a votar a proposta de orzamento municipal para o ano 2016, sendo o resultado o seguinte;

- Votos a favor: (5) votos do grupo socialista.
- Abstencións (0).
- Votos en contra (7): 4 votos do PP e 2 votos do BNG,

Polo tanto, o Pleno do Concello de Xermade, por maioría absoluta **rexeita a** proposta orzamentaria para o 2016.

O Alcalde solicita que conste en acta que cando estaba na oposición nunca votou a favor porque nunca se lles consultou nada, nin se convocou aos voceiros nin se lles deu tanta información.

O voceiro do BNG insiste en que o seu grupo quere alternativas para todo o que se vaia a facer para o caso no que se obteña subvención; D^a María do Mar Hermida Pico toma a palabra e di que o que lle pidiu ó equipo de goberno é unha planificación detallada das obras que quere levar a cabo nos próximos catro anos, pero unha planificación concreta, precisando no caso de que pretenda arranxar beirarrúas , cáles son as mesmas. A concelleira entende que é complicado chegar á alcaldía e máis sen esperalo , pero non dixo exactamente o que ía facer , de ahí o voto en contra do BNG. Sinala que o BNG non lle presentou ningunha alternativa ou proposta por escrito , xa que o traballo ten que facelo o alcalde, e que tralas eleccións, durante as negociacións , o BNG mandou as súas propostas por escrito, escrito que non tivo resposta polo mesmo medio por parte do PSOE. , e remata dicindo que o que non se pode facer é basear un goberno municipal en palabras.

O Alcalde afirma que ten a conciencia tranquila posto que dialogou cos grupos, e convocou aos voceiros para presentar a súa proposta.

D^a María do Mar Hermida di que agora o alcalde volverá a dicir que o BNG non lle deixa gobernar, e remata dicindo que cando o equipo de goberno lles presente as cousas claras, facendo un proxecto serio , segundo as necesidades, terá o apoio do BNG.

4- APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA REGULADORA /REGULAMENTO PARA A CREACIÓN DE FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL NO CONCELLO DE XERMADE.

O Alcalde procede a explicar o motivo da elaboracion desta ordenanza ; que non é outro



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

cumprir coa Lei de Protección de Datos .

Polo tanto dáse conta da seguinte **proposta de alcaldía**,

“Vista a necesidade de proceder á creación dunha serie de ficheiros de carácter personal, para adecuarse á Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal .

Visto o Decreto nº 96/2015 , de 17 de marzo de 2015, polo que se adjudica á empresa Prevensystem o contrato menor de servizos para o tratamento de datos, alta modificación , inscrición e seguimento dos respectivos ficheiros.

Vista a necesidade de aprobar unha ordenanza reguladora ou regulamento , xa que segundo o artigo 20 da Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal a creación, modificación ou supresión de ficheiros das Administracións públicas unicamente poderán facerse por medio de disposición de carácter xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou Boletín Oficial Correspondente. proponse ó Pleno:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora para a creación de ficheiros de carácter persoal no Concello de Xermade, creando os ficheiros de persoal incluídos no anexo de acordo coa seguinte literalidade:

ORDENANZA REGULADORA PARA A CREACIÓN DE FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE XERMADE
REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE XERMADE

A Constitución Española, no seu artigo 18, reconece coma un dereito fundamental o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”.

Neste senso, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ten por obxecto garantir e protexer no relativo aos datos persoais, liberdades públicas e dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente do seu honor e intimidade persoal e familiar. No artigo 20 de dita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente. Así mesmo, a disposición adicional primeira da devandita Lei ordénalles ás administracións públicas responsables de ficheiros automatizados adecuarse á citada lei orgánica, debendo aprobar a pertinente disposición de regulamento do ficheiro ou adaptar a existente.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Ademais, os artigos 52 ao 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, regulan a creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública.

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúenlle ao Pleno a elaboración de ordenanzas e regulamentos.

Artigo 1.– Obxecto e ámbito.

1. O presente regulamento ten por obxecto a creación e regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal, automatizados e non automatizados, dependentes do Concello de Xermade, e que se relacionan no anexo I da presente ordenanza.

2. A regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal determina a finalidade de ditos ficheiros, as persoas ou colectivos sobre os que se obteñen os datos, o procedemento de recollida de datos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos, a cesión dos datos, ao órgano responsable dos ficheiros, os servizos ou unidades ante os que se pode exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, e o nivel de medidas de seguridade correspondentes a cada un destes ficheiros, en aplicación da L.O. 15/1999, e da súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 2.– Creación e regulación de ficheiros de datos de carácter persoal.

1. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Xermade que figuran como anexo I co contido recollido no artigo 20 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no artigo 54.1 do Real decreto 1720/2007.

2. Os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Xermade rexeranse polas disposicións que se detallan para cada un deles e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Artigo 3.– Finalidade e uso dos ficheiros.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros que se indican e dos que o Concello de Xermade é o responsable, só poderán utilizarse para os fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.

Artigo 4.– Responsabilidade dos ficheiros.

1. A titularidade e responsabilidade dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Xermade corresponde ao propio Concello, representado pola persoa que exerza o posto de Alcalde-Presidente.
2. Por outra banda, consideraranse encargados do ficheiro as persoas que leven a cabo, por conta da persoa responsable, o tratamento dos datos recollidos nos mesmos, segundo o establecido no anexo I particularmente para cada ficheiro.

Artigo 5.– Cesión de datos.

Aplicarase ao respecto o réxime establecido no artigo 21 da Lei 15/1999 e o especificado para cada ficheiro.

Artigo 6.– Medidas de seguridade.

1. O Concello de Xermade implantará as medidas organizativas e técnicas precisas para asegurar a confidencialidade de datos. Con este obxectivo, adoptará as medidas de seguridade que se establecen no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.
2. Así mesmo, o Concello de Xermade velará porque os ficheiros se utilicen para as finalidades que motivaron a súa creación e polo persoal debidamente autorizado. Do mesmo xeito, velarase, con carácter xeral, polo respecto dos principios de protección de datos e só poderán ser obxecto de tratamento os datos que sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación coas finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para os que se obtiveron.

Artigo 7.– Dereito de información na recollida de datos.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

As persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco, nos termos que dispón o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, sen prexuízo dos supostos exceptuados na lei.

Artigo 8.– Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

O órgano ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición con relación a calquera dos ficheiros municipais de datos de carácter persoal establecerase particularmente para cada ficheiro, sendo por defecto ante a Alcaldía-Presidencia.

Disposición final.

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO I DO REGULAMENTO DA CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE XERMADE.

ANEXO I. FICHEIRO A

NOME DO FICHEIRO: “Axentes de promoción económica”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos dos axentes de promoción económica que prestan servizo no Concello de Xermade, co fin de poder ser identificables polos usuarios aos que dirixen as súas accións.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Axentes de emprego contratados polo Concello.

c) Procedemento de recollida de datos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a traballador/a, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, e-mail).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia) Asimesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa materia da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Xermade, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polos axentes de promoción económica.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos. Excmo. Concello de Xermade, praza do concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

ANEXO I. FICHEIRO B

NOME DO FICHEIRO: “Participantes en accións de promoción de emprego”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego, ou que queiran participantes en actividades de formación.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa asesorada ou participante en actividades, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax e. email; datos do proxecto de creación de empresa (Nome do proxecto, tipo, descrición, estado, data de inicio e fin).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Economía, Emprego e Industria, a C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Asimesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Xermade, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polos axentes de promoción económica.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos. Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO I. FICHEIRO C

NOME DO FICHEIRO: “ Licenzas e Urbanismo”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos persoais para realizar as funcións correspondentes do ámbito urbanístico, tramitación de expedientes e informes urbanísticos.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Cidadáns e outros colectivos interesados en asuntos de competencia municipal.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio dos propios interesados, os seus representantes legais, administración públicas , rexistros públicos, fontes accesibles ao público e outras persoas distintas do interesado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Datos relativos a infraccións administrativas, DNI/NIF,dirección, teléfono, sinatura, sexo, nacionalidade, características persoais e circunstancias sociais, económico, financeiro e de seguros.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á outras administracións públicas con competencia na materia, a quen teña a condición de interesado e aos solicitantes que exerzan dereitos de acceso nos termos legalmente establecidos.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro: Excmo. Concello de Xermade.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo)

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter medio.

ANEXO I. FICHEIRO D NOME DO FICHEIRO: “Rexistro”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos necesarios para o rexistro de documentos administrativos do Concello de Xermade.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Cidadáns e outros colectivos interesados en asuntos de competencia municipal.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os propios interesados, os seus representantes legais, administracións públicas , rexistros públicos, fontes accesibles ao público e outras persoas distintas do interesado.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

DNI/NIF,dirección, teléfono, nº de rexistro, características persoais e circunstancias sociais.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á outras administracións públicas con competencia na materia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

Excmo. Concello de Xermade.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de nivel básico.

ANEXO I. FICHEIRO E

NOME DO FICHEIRO: “Nóminas e Laboral”



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Confección de nóminas, seguros sociais e outras tarefas relacionadas coa xestión do persoal do concello.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Traballadores do concello.

c) Procedemento de recollida de datos:

A través do interesado ou do seu representante legal, contratos laborais.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

DNI/NIF, número da seguridade social, nome e apelidos, teléfono, estado civil, data de nacemento, sexo, nacionalidade, domicilio postal e electrónico, datos persoais, circunstancias sociais, académicos e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.

e) Cesiões de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Seguridade social, entidades aseguradoras, ministerio de economía e facenda, outras organizacións públicas competentes na materia, bancos e caixas para o pago das nóminas.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

Excmo. Concello de Xermade.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de nivel básico.

ANEXO I. FICHEIRO F
NOME DO FICHEIRO: "SIUSS"

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos para a tramitación de axudas, solicitudes e promoción da muller, da mocidade, terceira idade e minusválidos.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Residentes, outros colectivos interesados e cidadáns do concello.

c) Procedemento de recollida de datos:

A través do interesado ou o seu representante legal.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

DNI/NIF, número da seguridade social, nome e apelidos, teléfono, estado civil, data de nacemento, sexo, nacionalidade, domicilio postal e electrónico, datos persoais, circunstancias sociais, académicos e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos, violencia de xénero, saúde, imaxe, políticos, sindical, orientación sexual, relixioso e racial.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Centros escolares, xulgados, outros concellos, corpos de seguridade do Estado e outras administracións

públicas competentes na materia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

Excmo. Concello de Xermade

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de nivel alto.

ANEXO I. FICHEIRO G

NOME DO FICHEIRO: “Axuda no fogar”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Prestar servizos sociais

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Residentes, outros colectivos interesados e cidadáns do concello.

c) Procedemento de recollida de datos:

A través do interesado ou o seu representante legal.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

DNI/NIF, número da seguridade social, nome e apelidos, teléfono, dirección, circunstancias sociais, datos de saúde, datos de familia, datos económicos.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Non se prevé a cesión de datos de carácter persoal.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

f) Órgano responsable do ficheiro:

Excmo. Concello de Xermade.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de nivel alto.

ANEXO I. FICHEIRO H

NOME DO FICHEIRO: “Servizos sociais”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión do servizos e intervencións realizadas pola área de Servizos Sociais do concello.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Cidadáns, usuarios e solicitantes.

c) Procedemento de recollida de datos:

A través do interesado, titor ou representante legal.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

DNI/NIF, número da seguridade social, nome e apelidos, teléfono, dirección, circunstancias sociais, datos de saúde, datos de familia, datos económicos.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Non se prevé a cesión de datos de carácter persoal.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Xermade, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polo/s traballador/es responsables do Servizo.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de nivel alto.

ANEXO I. FICHEIRO I

NOME DO FICHEIRO: “Tributos-Contabilidade e Xestión Financeira”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de datos necesarios para levar a contabilidade e fiscalidade do Concello, para recadación tributaria dos impostos de bens inmobles, actividades económicas, sobre vehículos de tracción mecánica, outras taxas e contribucións que xestione o Concello e sancións administrativas a colectivos aos que se dirixe a acción municipal.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Cidadáns, residentes e outros colectivos aos que se dirixa a acción municipal.

c) Procedemento de recollida de datos:

O propio interesado, rexistros públicos, fontes accesibles ao público, administracións públicas.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

DNI/NIF, número da seguridade social, nome e apelidos, teléfono, data de nacemento, sexo, nacionalidade, domicilio postal e electrónico, datos persoais, circunstancias sociais, académicas e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

e infraccións administrativas e en xeral dos elementos obxectivos e subxectivos dos impostos, taxas, contribucións especiais e prezos públicos.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

A outras administracións públicas competentes na materia e a deputación provincial, neste caso a efectos de xestión recaudatoria.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

Excmo. Concello de Xermade.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de nivel medio.

ANEXO I. FICHEIRO J
NOME DO FICHEIRO: “Padrón”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Cumprir coa obriga legal de levar un rexistro administrativo dos veciños do municipio, do censo electoral e o Padrón municipal de habitantes.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministrálos:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Cidadáns, residentes e outros colectivos aos que se dirixa a acción municipal.

c) Procedemento de recollida de datos:

O propio interesado, rexistros públicos, fontes accesibles ao público, administracións públicas.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

DNI/NIF, nome e apelidos, teléfono, data de nacemento, lugar de nacemento, sexo, nacionalidade, domicilio postal, datos académicos e nº de identificación electoral.

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

A outras administracións públicas competentes na materia e a deputación provincial.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

Excmo. Concello de Xermade.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de nivel .medio

ANEXO I. FICHEIRO K

NOME DO FICHEIRO: “Propietarios de Cans”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

A finalidade deste ficheiro e o control administrativo dos propietarios dos animais.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Os datos persoais dos propietarios que teñan cans no termo xeográfico do Concello.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obtense por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa ou o seu representante legal tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, telefono, datos identificativos do can)

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos contidos neste ficheiro non se contempla que sexan cedidos.

Non se prevén transferencias internacionais.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, so se realizara a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Xermade, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservase e actualízase polo/s traballador/es responsables do Servizo.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO I. FICHEIRO L



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

NOME DO FICHEIRO: “Rexistro de Parellas de Feito”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

A finalidade deste ficheiro é posuír un rexistro administrativo das parellas de feito empadroadas no Concello.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Parezas de feito inscritas no Concello

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa ou o seu representante legal tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, telefono) así como datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar de nacemento e data de nacemento, declaración de unión de ser parella de feito).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Órganos Xudiciais, así como aquelas cesións de obrigado cumprimento que veñan reguladas nunha norma con rango de Lei. Non se prevén transferencias internacionais.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, so se realizara a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Xermade, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polo/s traballador/es responsables do Servizo.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

ANEXO I. FICHEIRO M

NOME DO FICHEIRO: “Actividades deportivas e culturais”

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestión de programas culturais e deportivos organizados polo Concello de Xermade.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

As persoas que participen nas actividades organizadas polo Concello.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa ou o seu representante legal tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

O ficheiro inclúe datos de carácter identificativo (nome e apelidos, D.N.I./N.I.F, dirección, telefono) así como datos de características persoais (datos de estado civil, datos de familia, idade, sexo, nacionalidade, lugar de nacemento e data de nacemento, declaración de unión de ser parexa de feito).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Compañías aseguradoras, Deputación de Lugo, Xunta de Galicia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, so se realizara a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello de Xermade, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos; dito ficheiro manterase, conservarase e actualizarase polo/s traballador/es responsables do Servizo.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Excmo. Concello de Xermade, Praza do Concello, s/n, 27833, Xermade (Lugo).

h) Sistema de tratamento: mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

En Xermade, a 2 de decembro de 2015

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, por prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantexar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCERO. Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo.

Non producíndose intervencións, o Pleno do Concello de Xermade, por nove votos a favor dos grupos socialista e popular, e as abstencións dos concelleiros do BNG aproba a proposta anterior.

MOCIÓNS.-

O BNG presentou en tempo e forma as seguintes :

1.-

MOCIÓN para ampliar o prazo de alegacións do PXOM.

Exposición de motivos.-

O día 22 de outubro publicouse no DOG o anuncio de información pública da aprobación inicial do PXOM que PP e PSOE aprobaron inicialmente no pleno extraordinario do 28 de setembro en contra do que pedía o BNG.

Se ben a lei contempla un período de alegacións de dous meses, estamos comprobando que este tempo non é suficiente para que a veciñanza poida comprobar o estado dos seus terreos e edificacións e elaborar as pertinentes alegacións. Isto xera preocupación e malestar nas veciñas e veciños do concello.



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Dado que as charlas que se fixeron polas parroquias resultaron moi técnicas e insuficientes e ademais moita da veciñanza non vive no concello e a información non lle chegou a todo o mundo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

A C O R D O

- Que se amplíe un mes máis o período de alegacións do plan xeral de ordenación municipal de Xermade tal e como contempla a lei.

Xermade, a 8 de decembro de 2015.

O Alcalde comunica que dende o concello solicitouse a posibilidade de prorrogar dito prazo , e dende o servizo xurídico de urbanismo confirmaron dita posibilidade , sendo en todo caso máis garantista. Informa da necesidade de cumprir outra vez cos requisitos: maioría absoluta e publicación do DOGA e nos dous xornais.

Sometida a votación, a moción resulta aprobada por unanimidade.

2.-

MOCIÓN de transparencia dos órganos de goberno municipais.

Exposición de motivos.-

Entendendo que a veciñanza amosa a súa preocupación polos casos de corrupción que se estan a vivir na sociedade e, principalmente, na clase política, dende esta organización política entendemos que para aumentar a confianza que teñen en quen os representan é necesario actuar coa máxima transparencia, e como xa de por si os rexistros de intereses son públicos, que maior sinal de que non hai interese en ocultar nada que colgar os ditos rexistros na páxina do concello tal como fan outras institucións ou concellos límitrofes.

Coa intención de entre todas intentar facer un concello máis transparente, que non todo sexa intencións senón feitos e para que a dita transparencia sexa un feito real (que a veciñanza non teña que pasar e solicitalo no concello), é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

A C O R D O

- Que se faga público na páxina web do concello o rexistro de intereses e de actividades dos



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

membros electos desta corporación, tanto na toma de posesion, como as modificacións que se efectúen durante a lexislatura, como no momento de cesar no cargo.

Xermade, a 26 de novembro de 2015.

O Alcalde di que a devandita información xa foi remitida a Deputación con motivo de cumprir co tema da transparencia e que nos vindeiros días aparecerá.

Sometida a votación, a moción resulta aprobada por sete votos a favor dos grupos socialista e nacionalista municipais , e coas abstencións dos catro concelleiros do PP.

ROGOS.- O BNG presentou en tempo e forma os seguintes:

1.

ROGO

Exposición de motivos:

Dado que o señor Alcalde di que lle dedica moitas horas ao concello e a recibir a veciñanza e non vemos por ningún sitio o horario de atención ao público (por exemplo, o venres 30 de outubro comprobamos que non estaba o señor alcalde nin ningún membro da corporación para atender as veciñas e veciños que así o demandasen).

Por todo o exposto, **solicitamos:**

- Que se poña un cartel co horario de atención ao público na porta para que a veciñanza saiba cando atende ao público o señor alcalde ou calquera outro membro da corporación ante a súa ausencia.

En Xermade, a 8 de decembro de 2015

O Alcalde di que enviou aos veciños unha carta co horario e teléfono de atención pública , pero que non hai inconveniente en poñer un cartel. Manifesta que se o devandito día non habia ninguén no concello seguramente fora a Lugo ou outro sitio.

2.

ROGO

Exposición de motivos:

É común nesta época incrementar o importante do gasto en alumeado público que o concello ten que soportar co alumeado de Nadal na praza do concello e no pino centenario. Este alumeado funciona arredor dun mes, precisamente nas noites máis longas do ano, dende o anoitecer ao amencer o que supón un incremento importante na factura eléctrica. Polo exposto, **solicitamos:**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

- **Que o concello reduza o máximo posible ou elimine a dita iluminación.**
- **No caso de instalarse a iluminación que esta sexa tipo LED, nunha soa árbore de xeito simbólico e non se manteña acendida durante toda a noite.**

En Xermade, a 8 de decembro de 2015

O Alcalde di que aínda non instalaron nada, e que pedirá a empresa que utilice LED.

3.

ROGO

Que o Alcalde dea conta do que sucede nas reunións as que acude(institucións, Consello Escolar...)

O Alcalde di que non hai inconveniente, e que recentemente foi á Subdelegación do Goberno, á Deputación ,e a Xunta a unha entrevista coa conselleira polo tema da estrada de Cabreiros. Di que ó Consello Escolar vai a concelleira Tamara Paz.

4.

ROGO

Exposición de motivos:

Ata o pasado mes de agosto había varios cans ao coidado do concello de Xermade, supoñemos que todos eles foran abandonados en territorio municipal e que o concello dalgún xeito se estaba a facer cargo do seu coidado nunhas condicións non moi adecuadas (pasando todo o día ao sol e soportando elevadas temperaturas) pero sempre con auga e comida. A partir desa data non sabemos que foi deles xa que deixaron de estar nas instalacións do concello no polígono industrial e ninguén sabe do seu paradiro, **solicitamos:**

- **Que o concello elabore un convenio cunha protectora para evitar casos coma este.**
- **Que o concello nos ofrezca a información oportuna e por ESCRITO do paradiro dos ditos cans.**

En Xermade, a 15 de outubro de 2015.

O Alcalde di que os cans foron retirados o 19 de xuño, por unha clínica de Narón, que presentou



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

a correspondente factura, tras pasar os quince días que establece a lei; e buscouse unha saída para eles, como a adopción . Non obstante mentres estiveron nas instalacións municipais tiñan un cobertizo e comida.

O voceiro do BNG pide que se lles envíe a factura.

5.

ROGO

Exposición de motivos:

No pasado mes de outubro as unidades do Exército de Terra do Campo de Manobras e Tiro de Parga (Guitiriz) realizaron unha serie de recoñecementos de itinerarios en Xermade, por isto era doado visualizalos polas pistas e os camiños do concello durante a madrugada coa conseguente inquietude da veciñanza.

Polo exposto, **solicitamos:**

- **Que en futuras ocasións o concello poña en coñecemento da veciñanza mediante información postal a existencia destes grupos de manobras no noso concello xa que foron varias as persoas que se asustaron ao visualizar os membros do exército .**

En Xermade, a 8 de decembro de 2015

O Alcalde manifesta que no concello non había constancia das maniobras nin solicitude algunha, por iso non se notificou nada aos veciños.

A concelleira do BNG, D^a María do Mar Hermida Pico , en relación co debate do anterior pleno ordinario sobre as obras levadas a cabo nas pistas de A Silva, fai entrega ao Alcalde dun libro sobre o firme dos terreos e outros aspectos e pídelles que se documente.

PREGUNTAS.-

O BNG presentou en tempo e forma a seguinte pregunta:

1.- **Exposición de motivos:**



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org

Ata o pasado verán existía no concello de Xermade unha máquina do INEM instalada na casa do concello para pasar as revisións oportunas no dito organismo e realizar outras xestións.

Polo exposto, o noso Grupo Municipal formúlalle as seguintes preguntas:

- **Cal é a situación da dita máquina?**
- **A partir de cando vai volver a estar dispoñible para o uso das veciñas e veciños?**

En Xermade, a 15 de outubro de 2015

O Alcalde di que a máquina se atopa na cámara agraria , antes había un convenio coa Xunta e ao non renovar non funciona; e as xestións as realiza o ADL do concello.

O voceiro do PP , D. Tomás Rodríguez Arias pregunta quen é na actualidade o encargado de segar os campos de fútbol.

O Alcalde responde que dende que remataron os traballadores do RISGA o fixo algún concelleiro.

Pregunta tamén o motivo polo que se cambiou un foco de Roupar , da entrada dunha pista a fachada dun veciño, e se non houbo queixas do resto de veciños.

O Alcalde di que o fixo porque o pediu por escrito un veciño empadronado no municipio, e que pensou que a medida non ía perxudicar a ninguén .

A concelleira do BNG di que esta é a maneira de gobernar, e o Alcalde responde que esta agardando as propostas do BNG para gobernar ben.

Rematadas as intervencións, o Alcalde deséxalles a todos boas festas e bo ano, e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e dezasete minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do Alcalde e da Secretaria que da fe.

V.e Pr.
O Alcalde

A Secretaria Interventora

Asdo.- Roberto García Pernas.

Asdo.:Ana Elena Fernández del Valle



CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n
27833 Xermade (Lugo)
Tel.: 982 501 001
Fax: 982 501 027
www.xermade.org